

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**O DÍA 23/08/2021**  
**(Extracto en <http://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)**

**PRESIDENTE**

ALBERTO VARELA PAZ

**CONCELLEIROS/AS**

Lista de asistentes

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

ARGIMIRO SERÉN MERA

LUZ MARIA ABALO PÉREZ

JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO

MATILDE LAYA LORENZO

Lista de non asistentes

LINO MOURIÑO SANTIAGO

DIEGO GARCIA SANTIAGO

**SECRETARIA**

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

**INTERVENTORA**

TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 23/08/2021 reuníronse no Salón de plenos, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 18-ago-2021, que se aprobou por unanimidade.

## **RÉXIME INTERIOR**

### **PRP2021/2837**

Vista a proposta do Departamento de Informática, a Xunta de Goberno local acorda aprobar o gasto para compra dun router e alta dunha tarxeta de datos 5G para a Oficina de Formación e Atención Dixital situada no quiosco da Rúa Arcebispo Lago, aprobando o orzamento presentado por Vodafone España SAU con cargo á partida 241.22699, coa seguinte desagregación:

- Router Huawei: 78,65 €
- Cota mensual conexión de datos 59,29 €.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### **PRP2021/3028**

Dáse conta do escrito presentado por Special Olympics Galicia co obxecto de organizar unha etapa en Vilagarcía de Arousa da "Marcha ciclista unificada para persoas con e sen discapacidade intelectual", organizada coa colaboración de Fademga Plena Inclusión Galicia e promovida pola Asociación Con Eles de Vilagarcía de Arousa, prevista para o domingo día 3 de outubro de 2021.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno acorda autorizar a realización da citada marcha ciclista de conformidade coa documentación aportada, facendo constar:

- A regulación do tráfico corresponde á Policía Local.
- O horario previsto é de 10:15 a 13:30 horas, non supoñendo un prexuízo importante á circulación.
- En varios tramos indicados na documentación aportada sería imprescindible invadir o sentido contrario da circulación na Rúa Rivero de Aguilar polo que hai que realizar un corte puntual na circulación para os vehículos.
- Deberá a organización do evento, xunto co persoal da Fundación de Deportes colaborar na regulación do tráfico nos cruces que sexan necesarios.
- Hai que eliminar o recorrido na rotonda do Ramal por resultar perigoso para os ciclistas no seu paso por ela.

Deberán solicitar autorización á Autoridade Portuaria de Vilagarcía de Arousa, para o uso da Rúa Rivero de Aguilar.

#### **PRP2021/3029**

Dáse conta do escrito presentado por Dona Daisy Alcalde Monteagudo, solicitando autorización para celebrar o evento Festivalía na Praza de Galicia o día 11 de setembro, durante toda a mañán.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.
- Deberá darse cumprimento ás normas de prevención do COVID-19 vixente.

#### **PRP2021/3031**

Dáse conta de Resolución de 4 de agosto de 2021, do Servizo Provincial de Pontevedra, da Axencia Galega de Infraestruturas, pola que se sinala a data do 26 de outubro de 2021, en horario de 10:00 a 10:30 horas para o levantamento de actas previas á ocupación e formalización de actas de ocupación dos bens e dereitos afectados polo "Proxecto da Senda e reparación de beirarrúas na PO-549", clave PO/19/126.06, nos Concellos de Vilagarcía de Arousa e Vilanova de Arousa, e solicitan autorización para poder utilizar os locais deste Concello.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda autorizar o uso do Salón de Plenos para o citado acto.

Dar conta ao Servizo de Protocolo aos efectos oportunos.

#### **PRP2021/3032**

Dáse conta de publicación no BOPPO de 30 de xullo de 2021, de Resolución da Dirección Xeral de Planificación e Evaluación da Rede Ferroviaria pola que se abre información pública correspondente ao expediente de expropiación forzosa 012ADIF2120 motivado polas obras do "Proxecto de Construción de Pantallas Acústicas Eixo Atlántico. Tramo Vigo-Padrón", nos termos municipais de Dodro (A Coruña), Barro, Caldas de Reis, Pontevedra, Redondela, Vilaboa e Vilagarcía de Arousa (Pontevedra).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2021/3033**

Dáse conta de acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, de 6 de agosto de 2021, de concesión de subvencións para a redacción de proxectos ou execución de obras de mobilidade amable e recuperación de espazos públicos do Concello da Réde Ágora, concedendo ao Concello de Vilagarcía unha subvención por importe de 100.000 €, con destino á execución das obras contempladas no proxecto técnico denominado "Proxecto Básico e de Execución de Humanización da Rúa Arcebispo Lago.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2021/2820**

Dáse conta de de informe da Policía Local no que se indica que dende o ano 2017 no que as emisoras deixaron de funcionar, seguese pagando o aluguer dun repetidor no Monte Xiabre á Empresa TAELO (Talleres Electrónicos de Pontevedra S.COOP), que segundo indican no Departamento de Informática poderíase dar de baixa, polo que propoñen que se proceda a dar de baixa o aluguer, que ten un importe mensual de 140 €.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicar á Empresa TAELO que procedan á baixa do aluguer do repetidor, dado que o mesmo non se utiliza.

## RECURSOS HUMANOS

### PRP2021/3043

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor dos/as Sres./as Concelleiros/as, membros da Corporación Municipal, polos importes que a seguir se din, correspondentes a asistencias ás sesións do Pleno, Xuntas de Goberno e Comisións Informativas, do 1 ao 31 de xullo de 2021, por un importe total de 5.500,00 € e con cargo á partida 912.233:

CARGO ELECTO	Nº sesións Plenos e XGL	DIETAS PLENOS e XGL	Nº sesións Comisións informativas	DIETAS COMISIÓNS INFORMATIVAS	TOTAL EUROS
D. ARGIMIRO SERÉN MERA	5	x 130,00 €	1	x 110,00 €	760,00
Dª LUZ Mª ABALO PEREZ	5	x 130,00 €	1	x 110,00 €	760,00
D. DIEGO GARCIA SANTIAGO	4	x 130,00 €	1	x 110,00 €	630,00
D. JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO	5	x 130,00 €	1	x 110,00 €	760,00
Dª MATILDE LAYA LORENZO	5	x 130,00 €	1	x 110,00 €	760,00
Dª ANA Mª GRANJA GUILLAN	1	x 130,00 €	1	x 110,00 €	240,00
D. JUAN MARCOS ALCALDE VÁZQUEZ	1	x 130,00 €	---	x 110,00 €	130,00
Dª YOLANDA BOVEDA DIAZ	1	x 130,00 €	1	x 110,00 €	240,00
D. ROBERTO DOMINGUEZ BUSTELO	1	x 130,00 €	1	x 110,00 €	240,00
Dª Mª DE LA O FERNANDEZ GONZALEZ	1	x 130,00 €	1	x 110,00 €	240,00
D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO	1	x 130,00 €	1	x 110,00 €	240,00
D. MANUEL MÉNDEZ VARELA	1	x 130,00 €	---	x 110,00 €	130,00
Dª LUCIA CESAR VELOSO	1	x 130,00 €	1	x 110,00 €	240,00
D. JUAN MANUEL FAJARDO RECOUSO	1	x 130,00 €	---	x 110,00 €	130,00
T O T A L					5.500,00

### PRP2021/3045

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor dos seguintes Grupos Municipais, polo importe total de 8.100,00 €, correspondente á asignación económica a Grupos Municipais do 1 ao 31 de xullo de 2021, de conformidade co establecido polo Pleno da Corporación Municipal de data 27 de xuño de 2019, con cargo á partida 912.489, coa seguinte desagregación:

- Grupo Municipal do PSdG-PSOE, por un importe total de 3.900,00 €
- Grupo Municipal do P.P., por un importe total de 1.800,00€
- Grupo Municipal de BNG, por un importe total de 600,00 €
- Grupo Municipal de Vilagarcía en Común, por un importe total de 600,00 €.
- Grupo Municipal de Marea da Vila, por un importe total de 600,00 €
- Grupo Municipal de Ciudadanos, por un importe total de 600,00 €

## BENESTAR SOCIAL

## **EMPREGO**

### **PRP2021/2997**

Visto o informe da área de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda APROBAR a concesión da seguinte axuda dentro do Programa de Axudas Municipais de apoio á reactivación económica no sector hostaleiro e outras actividades do Comercio de Vilagarcía:

REF CÍVIDAS: PROMECON/2021/000181

SOLICITANTE: IVAN PRIETO POVEDA

NIF/CIF: 52109866P

DIRECCION: Calle QUINTEIRO Nº: 3 Lt: Esc: Pt: - TRABANCA SARDIÑEIRA CP: 36618 Vilagarcia de Arousa (Pontevedra) - España

ESTABLECEMENTO: CAFÉ DO MUNDO

Procedendo ao recoñecemento de obriga de pagamento a favor da mesma por contía de SEISCENTOS EUROS (600,00 €) nos termos de dito informe, con cargo á partida 4311.470

### **PRP2021/2998**

Visto o informe da área de Promoción Económica, proponse APROBAR a concesión da seguinte axuda dentro do Programa de Axudas Municipais de apoio á reactivación económica no sector hostaleiro e outras actividades do Comercio de Vilagarcía:

REF CÍVIDAS: PROMECON/2021/000190

SOLICITANTE: ELIANA LORENZO VENTOSO

NIF/CIF: 35460596R

DIRECCION: Rua OUTEIRO Nº: 2 - VILAGARCIA DE AROUSA CP: 36619 Vilagarcia de Arousa (Pontevedra) - España

ESTABLECEMENTO: BAR LA FRANCESA

Procedendo ao recoñecemento de obriga de pagamento a favor da mesma por contía de SEISCENTOS EUROS (600,00 €) nos termos de dito informe, con cargo á partida 4311.470

### **PRP2021/3004**

Visto o informe da área de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda APROBAR a concesión da seguinte axuda dentro do Programa de Axudas Municipais de apoio á reactivación económica no sector hostaleiro e outras actividades do Comercio de Vilagarcía:

REF CÍVIDAS: PROMECON/2021/000035

SOLICITANTE: MANUEL ANGEL FRESCO BOVEDA

NIF/CIF: 35443206E

DIRECCION: Rua LUCHANA Nº: 6 1 - VILAGARCIA DE AROUSA CP: 36600 Vilagarcia de Arousa (Pontevedra) - España

ESTABLECEMENTO: RESTAURANTE LUCHANA

Procedendo ao recoñecemento de obriga a favor da mesma por contía de SEISCENTOS EUROS (600,00€) nos termos de dito informe, con cargo á partida 4311.470.

### **PRP2021/3005**

Visto o informe da área de Promoción Económica, proponse APROBAR a concesión da seguinte axuda

dentro do Programa de Axudas Municipais de apoio á reactivación económica do sector hostaleiro e outras actividades do Comercio de Vilagarcía:

REF CÍVIDAS: PROMECON/2021/000197

SOLICITANTE: MARIA JOSE JUEGUEN MARTINEZ

NIF/CIF: 35491223S

DIRECCION: Rúa 6- A ROSALEDA Nº: 3 - VILAGARCIA DE AROUSA CP: 36611 Vilagarcia de Arousa (Pontevedra) - España

ESTABLECEMENTO: SPA AROSA ESTABLEC BELLEZA

Procedendo ao recoñecemento de obriga de pagamento a favor da mesma por contía de CATROCENTOS EUROS (400,00 €) nos termos de dito informe, con cargo á partida 4311.470.

#### **PRP2021/3006**

Visto o informe da área de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda APROBAR a concesión da seguinte axuda dentro do Programa de Axudas Municipais de apoio á reactivación económica no sector hostaleiro e outras actividades do Comercio de Vilagarcía:

REF CÍVIDAS: PROMECON/2021/000200

SOLICITANTE: BRETEMA CB

NIF/CIF: E94030350

DIRECCION: Avenida DOCTOR TOURON Nº: 40 Lt: A BX - VILAGARCIA CP: 36600

Vilagarcia de Arousa (Pontevedra) - España

ESTABLECEMENTO: BAR O PINCHO

Procedendo ao recoñecemento de obriga a favor da mesma por contía de SEISCENTOS EUROS (600,00€) nos termos de dito informe, con cargo á partida 4311-470.

#### **PRP2021/3007**

Visto o informe da área de Promoción Económica, proponse APROBAR a concesión da seguinte axuda dentro do programa de axudas municipais de apoio á reactivación económica no sector hostaleiro e outras actividades do Comercio de Vilagarcía:

REF CÍVIDAS: PROMECON/2021/000259

SOLICITANTE: LEMA Y ESTEVEZ SL

NIF/CIF: B36209955

DIRECCION: Calle SAN ROQUE Nº: 15 Lt: Esc: BJ Pt: - VILAGARCIA DE AROUSA CP:

36600 Vilagarcia de Arousa (Pontevedra) - España

ESTABLECEMENTO: Cafe-Bar "EL PEÑON"

Procedendo ao recoñecemento de obriga de pagamento a favor da mesma por contía de SEISCENTOS EUROS (600,00 €) nos termos de dito informe, con cargo á partida 4311-470.

#### **PRP2021/3009**

Visto o informe da área de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda APROBAR a concesión da seguinte axuda dentro do Programa de Axudas Municipais de apoio á reactivación económica no sector hostaleiro e outras actividades do Comercio de Vilagarcía:

REF CÍVIDAS: PROMECON/2021/000201

SOLICITANTE: FELIX TREVIÑO SUAREZ

NIF/CIF: 35461505J

DIRECCION: Calle GENERAL PARDIÑAS Nº: 7 Lt: Esc: BAJO Pt: - VILAGARCIA DE

AROUSA CP: 36600 Vilagarcia de Arousa (Pontevedra) - España

ESTABLECEMENTO: BAR BITÁCORA

Procedendo ao recoñecemento de obriga a favor da mesma por contía de SEISCENTOS EUROS (600,00€) nos termos de dito informe, con cargo á partida 4311-470.

**PRP2021/3010**

Visto o informe da área de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local aorda aprobar a concesión da seguinte axuda dentro do Programa de Axudas Municipais de apoio á reactivación económica no sector hostaleiro e outras actividades do Comercio de Vilagarcía:

REF CÍVIDAS: PROMECON/2021/000218

SOLICITANTE: JESUS MARTINEZ PIÑEIRO

NIF/CIF: 35482495G

DIRECCION: Rúa GARCIA LORCA Nº: 7 Lt: A 4 - VILAGARCIA DE AROUSA CP: 36600

Vilagarcia de Arousa (Pontevedra) - España

ESTABLECEMENTO: BAR O FAIADO

Procedendo ao recoñecemento da obriga a favor da mesma por contía de SEISCENTOS EUROS (600,00€) nos termos de dito informe, con cargo á partida 4311.470.

**PRP2021/3012**

Visto o informe da área de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda APROBAR a concesión da seguinte axuda dentro do Programa de Axudas Municipais de apoio á reactivación económica no sector hostaleiro e outras actividades do Comercio de Vilagarcía:

REF CÍVIDAS: PROMECON/2021/000223

SOLICITANTE: MAS K UÑAS CB

NIF/CIF: E94037140

DIRECCION: Calle ALCALDE REY DAVIÑA Nº: 28 Lt: Esc: 1 Pt: I - VILAGARCÍA DE

AROUSA CP: 36600 Vilagarcia de Arousa (Pontevedra) - España

ESTABLECEMENTO: MAS K UÑAS

Procedendo ao recoñecemento de obriga a favor da mesma por contía de CATROCIENTOS EUROS (400,00€) nos termos de dito informe con cargo á partida 4311-470.

**PRP2021/3014**

Visto o informe da área de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda APROBAR a concesión da seguinte axuda dentro do Programa de Axudas Municipais de apoio á reactivación económica no sector hostaleiro e outras actividades do Comercio de Vilagarcía:

REF CÍVIDAS: PROMECON/2021/000224

SOLICITANTE: MARIA ELVIRA PORTAS TORRADO

NIF/CIF: 35471400H

DIRECCION: Rúa ESPIRITU SANTO Nº: 34 - VILANOVA DE AROUSA CP: 36620 Vilanova de Arousa (Pontevedra) - España

ESTABLECEMENTO: PELUQUERÍA BIOESTETIC

Procedendo ao recoñecemento de obriga a favor da mesma por contía de CATROCIENTOS EUROS (400,00€) nos termos de dito informe, con cargo á partida 4311-470.

**PRP2021/3016**

Visto o informe da área de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda APROBAR a concesión da seguinte axuda dentro do Programa de Axudas Municipais de apoio á reactivación económica no sector hostaleiro e outras actividades do Comercio de Vilagarcía:

REF CÍVIDAS: PROMECON/2021/000248

SOLICITANTE: ANA PIÑON RIVAS

NIF/CIF: 34265128G

DIRECCION: Rúa DUQUE DE TERRANOVA Nº: 22 1 Pt: E - VILAGARCIA DE AROUSA CP:  
36600 Vilagarcia de Arousa (Pontevedra) - España

ESTABLECEMENTO: PELUQUERÍA ANA PIÑON

Procedendo ao recoñecemento de obriga a favor da mesma por contía de CATROCENTOS EUROS (400,00€) nos termos de dito informe, con cargo á partida 4311-470.

**PRP2021/3017**

Visto o informe da área de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda APROBAR a concesión da seguinte axuda dentro do Programa de Axudas Municipais de apoio á reactivación económica no sector hostaleiro e outras actividades do Comercio de Vilagarcía:

REF CÍVIDAS: PROMECON/2021/000245

SOLICITANTE: JESUS GONTAD TANOIRA

NIF/CIF: 35444513H

DIRECCION: Rúa ALCALDE REY DAVIÑA Nº: 22 Lt: C 3 - VILAGARCIA DE AROUSA CP:  
36600 Vilagarcia de Arousa (Pontevedra) - España

ESTABLECEMENTO: CONGELADOS SALNES

Procedendo ao recoñecemento de obriga a favor da mesma por contía de CATROCENTOS EUROS (400,00€) nos termos de dito informe, con cargo á partida 4311-470.

**PRP2021/3018**

Visto o informe da área de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda APROBAR a concesión da seguinte axuda dentro do Programa de Axudas Municipais de apoio á reactivación económica no sector hostaleiro e outras actividades do Comercio de Vilagarcía:

REF CÍVIDAS: PROMECON/2021/000227

SOLICITANTE: CRISTALERIA PAMPIN SL

NIF/CIF: B36230092

DIRECCION: Avenida AGUSTIN ROMERP Nº: 23 Lt: Esc: Pt: - VILAGARCIA DE AROUSA  
CP: 36600 Vilagarcia de Arousa (Pontevedra) – España

ESTABLECEMENTO: CRISTALERIA PAMPIN

Procedendo ao recoñecemento da obriga a favor da mesma por contía de CATROCENTOS EUROS (400,00€) nos termos de dito informe, con cargo á partida 4311.470.

**PRP2021/3019**

Visto o informe da área de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda APROBAR a concesión da seguinte axuda dentro do programa de Axudas Municipais de apoio á reactivación económica no sector hostaleiro e outras actividades do comercio de Vilagarcía:

REF CÍVIDAS: PROMECON/2021/000225

SOLICITANTE: MARIA DEL CARMEN CASTRO IGLESIAS

NIF/CIF: 35423193L

DIRECCION: Rúa ALCALDE REY DAVIÑA Nº: 26 Lt: B 3 - VILAGARCIA DE AROUSA CP:  
36600 Vilagarcia de Arousa (Pontevedra) - España

ESTABLECEMENTO: BAR CAMPOS

Procedendo ao recoñecemento da obriga a favor da mesma por contía de SEISCENTOS EUROS (600,00€) nos termos de dito informe, con cargo á partida 4311-470.

**PRP2021/3020**

Dáse conta da solicitude de axuda dentro do programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2021, presentada por Dona Cristina Leiro Agra.

Visto o informe emitido e a proposta da Área de Formación e Emprego, a Xunta de Goberno Local acorda concederlle a axuda solicitada, por importe de 2.500,00€, por cumprir os requisitos establecidos nas bases da convocatoria, e o recoñecemento de obriga polo citado importe, con cargo á partida orzamentaria 241.470.

**PRP2021/3035**

Dáse conta de Resolución da Deputación Provincial de Pontevedra de recoñecemento de obriga e orde de pagamento do 50% restante da subvención concedida para financiar unha parte do custo laboral total dos contratos en prácticas derivados do programa "O Teu Primeiro Emprego" nos Concellos, por un importe de 11.700,00 €, correspondente aos primeiros 6 meses:

Nº CONTRATOS-TITULACIÓNS	CONTÍA SUBVENCIÓN	PAGO 50% RESTANTE
1 Ciclo S. Administración de sistemas informáticos en rede	5.700,00 €	2.850,00 €
1 Diplomatura en Traballo Social	6.000,00 €	3.000,00 €
1 Ciclo S en Animación de Actividades Físicas e Deportivas	5.700,00 €	2.850,00 €
1 Mestre, Especialidade en E. Primaria	6.000,00 €	3.000,00 €
<b>TOTAL</b>		<b>11.700,00 €</b>

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

**PRP2021/3047**

Dáse conta do escrito presentado pola Entidade Colaboradora Zona Aberta o 19 de agosto de 2021, solicitando que se ingrese as cantidades acordadas no convenio asinado entre as partes.

Primeiro. A base SEXTA do convenio subscrito entre as partes, establece o seguinte:

O Concello de Vilagarcía aportará 37.500,00€ con carácter prepagable, mediante transferencia á conta bancaria (destinada exclusivamente a esta iniciativa) titularidade da entidade colaboradora (Asociación de Comerciantes Zona Aberta), con cargo á partida orzamentaria 4311-470 do orzamento vixente.

A transferencia dos fondos levarase a cabo nos prazos e porcentaxes que se indican:

1º PAGO: Logo aprobación da sinatura do convenio pola XGL, á posta en marcha da iniciativa, e dicir o 14 de maio de 2021, procederase á transferencia de 18.750,00€, equivalentes ao 50% da cantidade total correspondente ao Concello.

2ª PAGO: Xustificada pola Asociación de Comerciantes, a transferencia aos establecementos adheridos da cantidade antedita, procederase a transferir por parte do Concello, a cantidade de 9.375,00€, equivalente ao 25% do total da aportación municipal.

3º PAGO: Xustificada pola asociación o abono aos establecementos da cantidade antedita, transferirase á conta da asociación a cantidade 9.375,00€ equivalente ao 25% restante da aportación municipal.

Segundo. No convenio subscrito entre as partes, establecíase que a primeira das transferencias por parte do Concello sería realizada na data de inicio da campaña, isto é, o 14 de maio de 2021, porén a devandita transferencia demorouse no tempo ata a súa materialización no mes de xullo.

Terceiro. En sesión de XGL de 2 de agosto de 2021, acordouse materializar a transferencia do segundo prazo correspondente ao Concello en cumprimento dos termos do convenio, e dicir, 9.375,00€ cantidade que a data de hoxe non foi abonada.

A data de hoxe a entidade colaboradora adebeda aos comercios adheridos é superior aos 10.000 Euros, presentando a conta destinada a tal obxecto un saldo de cero euros, tal como acredita a documentación que aporta e se une ao expediente, polo que solicita lle sexan transferidas á maior brevidade as todas as cantidades obxecto de compromiso por parte do Concello.

Polo exposto a Xunta de Goberno Local acorda proceder á transferencia da cantidade de 9.375,00€



correspondente ao terceiro prazo, nos termos acordados no convenio subscrito entre o Concello e a Asociación de Comerciantes, tal como a entidade solicita no escrito presentado.

#### **PRP2021/1787**

Dáse conta da aprobación por parte do Vicepresidente Primeiro e Conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo, do Plan Específico de Subvencións a Concellos Turísticos con elevado incremento poboacional para a contratación de auxiliares de Policía Local durante a tempada de verán 2021. A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

## **XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA**

### **XUVENTUDE**

#### **PRP2021/3022**

Vista a solicitude de colaboración e solicitude de uso de espazos públicos para o desenvolvemento do programa AROUSA INSPIRA 21 por parte da entidade organizadora denominada Asociación Xuvenil Arousa Moza, e vista a proposta da Concellería de Xuventude e Voluntariado a Xunta de Goberno Local acorda:

1º) A colaboración do concello na cesión do uso da Praza de Galicia para a realización dos concertos os días 26 e 27 de agosto en horario de 18.00 a 24.00 h. Instalación de pequeno escenario e 60 sillas.

2º) A autorización para o desenvolvemento da ximcana o 27 de agosto, durante toda a xornada, por parques e zonas históricas da nosa vila: Parque da Xunqueira, Parque Miguel Hernández, Castro Alobre e Dr Fleming.

3º) A colaboración coa impresión de 50 carteis e instalación de cartelería fixa (sempre que sexa posible)

4º) A difusión do evento a través das canles informativas pertencentes ao Concello e convocatoria de rolda de prensa

5º) A colaboración por parte do concello coa instalación de carpas informativas do evento na Praza de Galicia os días 17 e 24 de agosto, en horario de mañá. Instalación e recollida das carpas cada día e colocación dunha mesa e tres sillas en cada unha.

6º) A colaboración do departamento de Protección Civil para a colocación e demontaxe da carpa do día 21 de agosto. Montaxe a primeira hora da mañá e desmontaxe a partires das 13.30 h.

7º) Que se informe á Policía Local da realización destas actividades.

8º) A colaboración do Departamento de Obras para a colocación do escenario, sillas e carpas.

9º) A colaboración do Departamento de Electricidade para facilitar unha toma de corrente e iluminación na Praza de Galicia os días 26 e 27 de agosto.

Así mesmo, acórdase comunicar o seguinte:

As actividades que desenvolvan a entidade organizadora e o grupo de participantes no programa, non teñen consideración de actividades propias do Concello de Vilagarcía, polo que os riscos, accidentes e danos derivados destas que desenvolva a entidade ou grupo serán responsabilidade exclusiva da dita entidade organizadora.

A presente autorización compromete ao cumprimento por parte da entidade autorizada, das seguintes condicións:

A achega, antes do comezo da actividade, do seguro de responsabilidade civil e de accidentes da actividade e copia do recibo de abono do mesmo.

Responsabilidade no control de acceso e saída nas zonas previamente acotadas nos espazos solicitados establecidas polas autoridades sanitarias para o noso municipio e os días de realización das actividades, en relación coas medidas de prevención do COVID-19

O cumprimento das medidas hixiético-sanitarias vixentes en todo momento nos espazos solicitados así como aquelas ditadas polas autoridades sanitarias competentes para facer fronte á COVID-19 nos lugares de

desenvolvemento das actividades. A respectar as normas municipais de réxime interior dos respectivos espazos municipais empregados.

Será a cargo da entidade organizadora, calquera tipo de taxa, imposto, Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que se deriven do desenvolvemento das actividades.

A resposta dos actos que se realicen nos espazos públicos autorizados e das consecuencias que deles se deriven, así como de toda responsabilidade civil derivada de calquera acto.

Igualmente, será responsabilidade da entidade organizadora a obriga de facer cumprir a todos os/as participantes nas actividades, as medidas de prevención do COVID-19 sinaladas polas autoridades sanitarias que estean viventes os días de realización do programa de actividade.

A supervisión do contido das letras nos concertos de Rap e Hip Hop e na denominada "Batalla de Galos" evitando todo contido verbal sexista, homófobo, discriminatorio ou ofensivo e que atente contra os dereitos e liberdades recoñecidos pola Constitución Española.

## **TURISMO E MEDIO AMBIENTE**

### **TURISMO**

#### **PRP2021/3036**

Dáse conta da sinatura do convenio entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vilagarcía de Arousa, para o financiamento das Festas de San Roque 2021.

O obxecto do convenio é a celebración do concerto gratuíto de FUELFANDANGO, dentro da programación das festas de San Roque, no recinto da Xunqueira.

A colaboración da Deputación será de 6.000 €.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

## **POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE**

### **MULLER E PERSOAS MAIORES**

#### **PRP2021/3038**

Con data 28/06/21 (PRP2021/2656) “aprobase a sinatura do Convenio entre a Asociación Rompetimóns de Carril e o Concello de Vilagarcía de Arousa para a realización de 18 travesías marítimas de dúas horas de duración polo contorno do arquipélago de Cortegada. Para axilizar a inscrición destas persoas e co obxectivo de acadar unha maior eficacia e transparencia na adxudicación das prazas propónse a aprobación do orzamento presentado por Fundación Galicia Obra Social no que se presenta a creación dun minisite para esta actividade.”

Este acordo implicaba que a reserva de praza sería por medios telemáticos mediante a utilización de venda anticipada online [ataquilla.com](http://ataquilla.com).

Dende esta Área de Maiores entenderon que ese modo de acceso limitaba as posibilidades de participación en este tipo de actividade entre o colectivo ao que se dirixe esta Área, polo que, coordinado coa Área correspondente, reserváronse 18 destas prazas destinadas a poder realizar a súa inscrición mediante procedemento máis accesible para dito colectivo.

Vista a proposta da Área de Persoas maiores, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar as seguintes bases para que as persoas interesadas poidan realizar unha solicitude de participación de modo presencial na citada Área:

1. O colectivo ao que se dirixe esta actividade debe reunir os requisitos de ter 65 anos cumpridos e estar

- empadroado neste Concello na data da actividade.
2. Abrir un prazo presentación de solicitudes de inscrición de forma presencial do 23 ao 27 de agosto, en horario de 9:00h a 13:00h, mediante modelo normalizado dispoñible na propia Área de Maiores.
  3. As viaxes realizaranse o día 1 de setembro en dúas sesións, una ás 16h e outra as 18 horas, con saída dende o Peirao de pasaxeiros de Vilagarcía.
  4. O numero de prazas dispoñibles será de 18, 9 por cada quenda. Ditas prazas serán de balde.
  5. Poderá anotarse un máximo dunha persoa por solicitude.
  6. No caso de que a demanda superase a oferta, realizarase un sorteo nesta Área entre as solicitudes presentadas a través do xenerador de sorteos "augeweb.com/azar". Dito sorteo público realizarase o luns 30 de agosto as 10:00 h. da mañá nesta Área.
